



**V PREMIOS
FOUCIÑO**

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

A Asociación Premios Fouciño abre a convocatoria para a presentación de curtametraxes para participar na V edición dos Premios Fouciño, que terá lugar o vindeiro 25 de outubro de 2025. Estes premios xorden co obxectivo de premiar os dotes artísticos, creativos e técnicos do estudiantado, así como de toda persoa interesada na creación audiovisual, dividíndose a participación en dúas categorías. Deste xeito, o certame procura a promoción do cinema como medio de expresión na sociedade, especialmente o de carácter amador ou semi-profesional. Outro dos obxectivos que perseguen os Premios Fouciño é incrementar a presenza da lingua galega na rede. Para a participación en dita convocatoria, detallamos as bases:

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

1. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas que o desexen, independentemente da súa idade. Os participantes poden ser tanto persoas naturais ou xurídicas, como agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que, aínda carecendo de personalidade xurídica poidan crear unha peza audiovisual. Neste último caso deberase nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que lle poidan corresponder á agrupación. Neste caso, deberán facerse constar expresamente na solicitude. Establécense 2 categorías:

Categoría para centros de ensino, onde poderán participar a través do seu centro de ensino todos aqueles alumnos ata os 18 anos. Isto inclúe centros públicos e privados en calquera dos seguintes ciclos: infantil, primaria, secundaria e bacharelato (quedan excluídos formación profesional e universitarios).

Categoría aberta, onde poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas, tanto de forma individual como colectiva. Isto inclúe tamén a estudantes que queiran presentar pezas de xeito independente do seu centro de ensino.

*Nota: En calquera das dúas categorías se os participantes son menores de idade é imprescindible entregar o consentimento dos pais, nais ou titores legais, cumprimentando a autorización que se xunta neste mesmo documento (Anexo I).

2. PEZAS AUDIOVISUAIS

- As curtametraxes que se presenten no concurso deben ser obras producidas nos anos 2024-2025.
 - O idioma da peza audiovisual debe estar en galego ou subtitulada ao galego.
 - A duración de cada curtametraxe non superará os 10 min.
 - As historias deberán ser orixinais, de creación propia ou con base popular ou literaria. No caso de que a curtametraxe estea baseada nunha obra literaria, deberanse acreditar as autorizacións pertinentes ao respecto dos dereitos de autoría.
 - Non serán admitidas as curtametraxes xa presentadas en edicións anteriores.
- Non serán admitidas curtametraxes con formato videoclip.
- Os autores son os únicos responsables do contido das pezas entregadas. No caso de ser menores de idade, a responsabilidade caerá sobre o representante legal do menor.
 - As curtametraxes deberán entregarse en formato .mov ou mp4 (codec H.264), resolución: 1920x1080 ou 1280x720, taxa máxima de transferencia de bits: 20.000kbps; audio ACC. O xurado resérvese o dereito de rexeitar unha curtametraxe pola mala calidade da imaxe e/ou son.
 - A organización non facilitará ningún tipo de material para a elaboración das pezas.
 - O uso de ferramentas e xeración de contidos con intelixencia artificial está permitido sempre que non supere o 20% da metraje.
 - Todas as curtametraxes participantes deberán contar coas autorizacións e cesións de dereitos de autor e doutros titulares de obras preexistentes e orixinais que se incorporen nelas. Neste sentido, os participantes garanten que as curtametraxes non vulneran ningún dereito de explotación, nin dereitos de honra, intimidade e imaxe, nin dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial e/ou calquera outros dereitos de terceiros, e que non vulneran a lexislación vixente.

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

3. PROCEDEMENTO, INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN.

Os presentes premios concederanse mediante concorrencia competitiva, na que os participantes definidos no apartado 1 poderán presentar a concurso o número de curtametraxes que desexen. En ningún caso a mesma peza poderá recibir máis dun premio.

- A inscrición ao concurso estará aberta dende o 1 de abril de 2025 ata o 30 de xuño de 2025. A convocatoria admitirá curtas ata as 23:59h do 30 de xuño.

- A inscrición é gratuita e deberá facerse a través da páxina web do certame completando un formulario e as correspondientes autorizacións.

No apartado do formulario correspondente á ligazón da obra engadirase un acceso para visionar a obra na plataforma na que esta aloxada, este enlace ten que estar dispoñible ata que finalice a presente edición do festival.

Unha vez feita a inscrición, a persoa física que inscribiu a obra recibirá un correo de confirmación (revisade a carpeta de spam). Para calquera dúbida, contactar co correo premiosfoucino@gmail.com.

- Na ficha de inscrición da obra, debe especificarse claramente quen é o ou a representante legal da obra. (En caso de ser premiada cunha dotación económica dos premios á mellor curtametraxe de cada categoría, o ou a representante legal será a quen se lle ingresará a cantidade correspondente. Calquera pagamento feito ao representante legal designado na ficha de inscrición liberará á Asociación de responsabilidade se o pago correspondera facelo a outra persoa.)

Así mesmo, o autor/a ou representante legal da curta comprométese a presentar obras onde as imaxes e as músicas sexan orixinais ou no seu caso teñan o permiso necesario para utilizalas, que deberán adxuntar se así o require a organización.

O representante legal asignado é o responsable do cumprimento destas bases e das normas que sexan de aplicación á súa actividade.

- Para poder participar deberase cubrir o seguinte formulario

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

e a documentación que aquí se solicita: https://docs.google.com/forms/d/1irZPlaLauahTmKp2qdBT7e7sN8joUTizXon-urAc-7E/viewform?edit_requested=true

* Formulario de inscrición e documentación que se require nela.

*Ficha de inscrición da curtametraxe e material promocional.

*Peza audiovisual ou ligazón para descargar o contido (importante que a ligazón estea dispoñible para a visualización en calquera momento).

- Deberase facilitar, xunto coas fichas de inscrición (Anexos I e II) a declaración responsable, consonte ao Anexo III.

- É obrigatorio presentar a documentación e os datos pedidos en todos os apartados anteriores, así como de ser o caso, os que se indican deseguido.

- Os finalistas deberán achegar igualmente:

* Xustificante bancario do número de conta da que sexa titular o beneficiario do premio.

* Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou autorización ao Concello de Zas a consultar os datos, logo de cubrir e asinar o formulario para tal autorización (Anexo IV).

A documentación requirida como finalista presentárase posteriormente, cando se lle comunique, de ser o caso, que é finalista.

No caso de non estar ao corrente perderán a condición de beneficiarios dos premios.

- As obras seleccionadas para a competición oficial recibirán unha notificación privada dos Premios Fouciño nas semanas anteriores á celebración do certame, polo tanto saberano antes de que se faga público. As e os representantes legais das obras comprométense a non facelo público ata que o faga o propio festival. O incumprimento deste punto será motivo de exclusión da competición. Se isto acontecese, a obra descalificada sería relevada no concurso pola primeira curtametraxe que figure na preselección interna como primeira reserva.

- As obras seleccionadas serán exhibidas dentro da programación dos Premios Fouciño que terá lugar o 25 de outubro de 2025.

- A organización resérvase o dereito de empregar ata o 10% do minutado de cada peza seleccionada para uso promocional do

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

festival e das propias obras.

- As obras gañadoras poderán ser exhibidas integramente no evento e despois nos actos promocionais dos Premios Fouciño. Estas exhibicións sempre serán con propósito cultural, nunca con finalidade comercial.

A aceptación destas bases inclúe a cesión, en favor da Asociación, dun dereito non exclusivo de distribución, reprodución e comunicación pública para os fins expostos, sen que caiba ningún outro uso nin se ceda ningún outro dereito.

- Se no intervalo entre o proceso de selección de obras e as datas de celebración do festival, algún produtor ou produtora, ou algún director ou directora tivesen unha condena expresa por calquera delito tipificado como violencia de xénero, automaticamente serían excluídos pola organización da sección na que estaban seleccionados.

A Asociación resérvase o dereito de aplicar esta mesma base a condenados ou condenadas por sentenza firme por calquera outro delito que poida danar a imaxe pública do festival.

- O prazo para participar nos V Premios Fouciño comeza o 1 de abril de 2025 e pecha o 30 de xuño de 2025 ás 00:00h. Rematado o dito prazo a organización cotexará o cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases, e por resolución da mesma aprobarase unha relación provisional das curtametraxes presentadas que participan no concurso. No caso daquelas solicitudes ás que lles falte documentación, terán un prazo de 5 días naturais para emendar as deficiencias existentes na documentación. Transcorrido o dito prazo publicarase a relación definitiva das pezas audiovisuais presentadas que participarán no concurso, concedéndose un prazo de dous días naturais, a efectos de reclamacións. De non ser necesario requirir documentación, publicarase a listaxe provisional a definitiva sen necesidade de transcorrer os 5 días naturais.

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

4. SELECCIÓN DE FINALISTAS, XURADO E PREMIO

O xurado dos Premios Fouciño estará formado por profesionais do ámbito do cine, do audiovisual, da música, da comunicación e da cultura. Todos os membros serán anunciados antes do inicio do festival e a súa decisión será inapelable. Para a válida constitución do xurado, será necesario a presenza mínima de tres membros.

Para o premio do público, as votacións efectuaranse a través dunhas papeletas que se depositarán nas urnas no transcurso do festival. O límite para efectuar as votacións será de 35 minutos dende que finalice a última sesión de visionado, pasado ese tempo pecharase o sistema de voto nas urnas.

Os premios poderán quedar desertos se o xurado así o decide. O xurado poderá establecer as mencións especiais que considere oportunas.

Establécense os seguintes premios coa dotación económica e os galardóns que se indican:

- Premio do xurado á mellor curta de categoría aberta: 1000E e Fouciño.
- Premio do xurado á mellor curta de categoría centros educativos: 500E para o centro e Fouciño.
- Premio do público categoría aberta: 150E e Fouciño.
- Premio do público categoría de centros educativos: 150E e Fouciño.

*Todos os premios están indicados en cantidades brutas. Sobre eles aplicaranse no seu momento as correspondentes retencións esixidas segundo a lei vixente.

*A organización non se fará cargo en ningún caso das comisións de realizar transferencias de crédito a contas correntes non europeas polos premios outorgados, polo que en virtude desta circunstancia só se farán transferencias a contas correntes europeas.

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025

*Os premios só se concederán no caso de que haxa un mínimo de tres curtas para participar na competición. De non ser así, a organización resérvase o dereito de cualificar o concurso deserto.

* Cada peza participante non poderá recibir máis dun premio ou mención.

5. PROXECCÍONS

A proxección das curtametraxes finalistas seleccionadas nos V Premios Fouciño terá lugar o 25 de outubro de 2025 no marco do festival, no que, ademais, haberá concertos ao aire libre así como outras actividades paralelas. Durante o certame haberá un espazo para o acto de entrega dos premios.

No caso de que se modifique algunha data ou horario, comunicárase a través da páxina web e nas redes sociais do certame.

O lugar das proxeccións será a vila de Baio, no concello de Zas. A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas bases.

6. CONSULTAS E DÚBIDAS

premiosfoucino@gmail.com

CONVOCATORIA V PREMIOS FOUCIÑO 2025